

**FOLLA DE ACEPTACIÓN DOS COMPROMISOS DA CONVOCA-  
TORIA II CONCURSO TURISMO ESCOLAR 2017-2018 (ANEXO I)**

**DATOS DO CENTRO EDUCATIVO PARTICIPANTE**

Nome do centro		CIF
Enderezo		
Localidade/Concello	Código postal	Teléfono
Nome do/a director/a do centro	Enderezo electrónico	
Titor/a responsable	Enderezo electrónico	
Modalidade na que participa): <input type="checkbox"/> CATEGORIA A: cursos de educación infantil <input type="checkbox"/> CATEGORIA B: cursos de educación primaria <input type="checkbox"/> CATEGORIA C: cursos de educación secundaria		

**Outros datos:**

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación das bases.

Lugar e data \_\_\_\_\_

(sinatura do/a docente que titorice)

(sinatura da dirección do centro)

Autorización para publicar os datos persoais\* e cesión de imaxe das persoas participantes menores de idade no II Concurso de Turismo Escolar 2017-2018

Don/Dona.....

con DNI ..... como pai/nai ou titor/a do/a menor .....

autorizo á Deputación da Coruña ao emprego dos datos de carácter persoal e imaxes para fins de difusión e publicidade que se considere conveniente no marco da promoción e o fomento do turismo e do patrimonio na provincia da Coruña.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

Asinado  
(pai, nai, titor/a legal)

\*Segundo o disposto no artigo 18 da Constitución, Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito ao honor, a intimidade persoal e a propia imaxe e a Lei 15/1999, do 13 de decembro, sobre a protección de datos de carácter persoal.

Programa  
dirixido a  
escolares  
entre 4  
e 16 anos,  
de calquera  
centro da  
provincia  
da Coruña



Deputación  
DA CORUÑA

# II CONCURSO DE "TURISMO ESCOLAR" DA PROVINCIA DA CORUÑA



DL C 342-2018



Deputación  
DA CORUÑA

## **BASES**

### **PRIMEIRA.- Obxecto**

Poderán optar ao premio todos os alumnos e alumnas que presenten unha obra en formato debuxo ou traballo creativo inédito sobre a visita que realizaran aos fitos patrimoniais da Deputación da Coruña ou os recursos municipais que se reflicten na páxina web: turismo.dacoruna.gal no marco do programa de turismo escolar da administración provincial.

### **SEGUNDA.- Participantes**

Poderán participar todas as persoas físicas con idade comprendida entre 3 e 16 anos, de calquera nacionalidade que formen parte dalgún dos centros escolares que teñan realizado unha visita de turismo escolar aos fitos predeterminados.

### **TERCEIRA.- Formato**

Os traballos presentados deberán versar sobre a visita turística realizada dentro do programa de turismo escolar da Deputación da Coruña e poderán presentarse os seguintes traballos:

- Debuxo. Os debuxos versarán sobre o lugar visitado e entregaranse en formato papel. Destacarase a orixinalidade e o punto de vista adoptado polo alumno/a sobre o elemento patrimonial.
- Traballo creativo. Pode presentarse nos seguintes formatos: unha redacción, un collage, un relato ilustrado ou unha colección de fotografías comentadas feitas na visita. A temática, aínda que debe xirar sobre o elemento patrimonial visitado, terá un guión libre. Destacarase a orixinalidade e o punto de vista innovador adoptado polo alumno/a sobre o elemento patrimonial.

### **CUARTA.- Premio**

#### **CATEGORÍA A: Cursos de educación infantil.**

Outorgarase primeiro e segundo premio para o mellor debuxo:

- Primeiro premio: consistirá nun lote de xogos e contos infantís que fomenten a aprendizaxe doutras culturas, países e costumes para o alumno/a gañador/a, e outro lote para o colexio do alumno/a gañador/a.
- Segundo premio: consistirá nunha colección de contos infantís sobre a temática das visitas turísticas (arqueoloxía, patrimonio, artesanía) para o alumno/a gañador/a, e outro lote para o colexio do premiado/a.

#### **CATEGORÍA B: Cursos de educación primaria.**

Outorgarase primeiro e segundo premio para o mellor debuxo:

- Primeiro premio: consistirá nun lote de xogos e contos infantís que fomenten a aprendizaxe doutras culturas, países e costumes para o alumno/a gañador/a, e outro lote para o colexio do alumno/a gañador/a.
- Segundo premio: consistirá nunha colección de contos infantís sobre a temática das visitas turísticas (arqueoloxía, patrimonio, artesanía) para o alumno/a gañador/a, e outro lote para o colexio do premiado/a.

#### **CATEGORÍA C: Cursos de educación secundaria.**

Outorgarase primeiro e segundo premio para o mellor traballo creativo:

- Primeiro premio: consistirá nun iPad Air 2 para o alumno/a gañador/a, e outro para o colexio do alumno/a gañador/a.
- Segundo premio: consistirá nunha tableta para o alumno/a gañador/a e outro para o colexio do alumno/a gañador/a.

A Deputación resérvase o dereito a facer uso das obras, cedendo a autora ou autor os dereitos para que a Deputación poida empregalas para calquera campaña de sensibilización e información das actividades da Deputación da Coruña relacionadas co turismo ou co patrimonio provincial.

### **QUINTA.- Prazo e forma de presentación dos traballos**

Prazo: o prazo de admisión de obras comezará dende o día seguinte á realización por parte do centro educativo da visita turística e rematará o 30 de xuño de 2018.

Forma de presentación: os traballos entregaranse nun sobre pechado (1), no exterior do sobre indícarase “II Concurso de Turismo Escolar”, categoría na que se presenta (categoría A para cursos de educación infantil, categoría B cursos educación primaria e categoría C para cursos de educación secundaria). Deben indícar como remite o nome do centro do que proveñen.

Dentro deste sobre irán os traballos identificados cun pseudónimo e un sobre pechado (2) no que se incluírán os seguintes documentos:

1. listaxe coa relación de alumnado e os seus pseudónimos
2. folla de aceptación dos compromisos e as autorizacións de datos de carácter persoal cos datos requiridos (anexo 1).

Os traballos deberán presentarse por medio dun envío que realice a titora ou titor do centro educativo.

As candidaturas presentaranse no Rexistro Xeral da Deputación Provincial da Coruña, Avda. do Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña, ou consonte co indicado no art. 16.4 apartado e) da Lei 39/2015, do 01 de outubro, RXPAC.

### **SEXTA.- Composición e actuación do xurado**

O xurado estará presidido polo presidente da Deputación da Coruña ou persoa en quen delegue e formarán parte un técnico/a do Servizo de Acción Social, Cultura e Deportes, un membro do colexio Calvo Sotelo e dos técnicos da Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico da Deputación da Coruña.

Actuará como secretario o da Corporación ou persoa funcionaria en quen delegue. Esta será a persoa encargada de abrir o sobre das obras que resulten finalistas.

O xurado actuará en pleno, será necesaria a asistencia de dous terzos dos seus membros. As súas deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente. O réxime xurídico e de funcionamento do xurado será o disposto no artigo 17 da Lei 40/2015 do 01 de outubro.

A Deputación resérvase o dereito de modificar as condicións en calquera momento, incluso pode chegar a anulalo ou deixalo sen efecto sempre que concurra causa xustificada, en todo caso comprométese a comunicalo pola mesma vía.

Así mesmo, o xurado poderá declarar deserto o premio e a súa proposta será obxecto de resolución da Presidencia desta Deputación, que é o órgano competente para resolver o premio.

### **SÉTIMA.- Prazos de concesión e entrega dos premios**

A concesión do premio decidirase antes do 1 de setembro de 2018, e darase a coñecer a través dos distintos medios de comunicación.

A entrega de premios celebrarase nas dependencias da Deputación da Coruña e avisaranse as persoas gañadoras cunha semana de antelación.

**OITAVA.-** A partir do día seguinte ao da concesión do xurado dos traballos premiados, as obras non premiadas non serán devoltas aos centros dos que proveñen. Agora ben, se algún centro quere recuperalas unha vez remate o concurso, poderá facelo recolléndoo na Deputación da Coruña, Avd. do Porto da Coruña, 2, Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico.

**NOVENA.-** A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.